

4

ACTIVIDADE POLÍTICA NA CLANDESTINIDADE

A RUPTURA CO GALEGUISMO DO E XILIO



Día das Letras Galegas 2009

Ramón Piñeiro

O rompemento de Ramón Piñeiro con Castelao prodúcese no momento en que Piñeiro e os seus entran na Alianza de Fuerzas Democráticas. Con estes galeguistas están os monárquicos, ..., os socialistas e o PNV e todos asinan un pacto onde se illa aos comunistas, renúnciase á legalidade republicana e apóiase una restauración monárquica na figura de D. Juan de Borbón. Enteirado Castelao, escribe un violentísimo artigo en A Nosa Terra en Bos Aires... Outro grupo de galeguistas integrado por Valenzuela, Xosé Velo, Otero e Castelao seguiron a liña da Unión Nacional Española, propiciado polo Partido Comunista de España.

Conversas con X.L. Méndez Ferrín, Xosé M. Salgado, Xoan-M. Casado, Sotelo Blanco, páx. 73.

...acordou facerlle ver a Castelao que o Irmán Plá residente en Montauban Franza ten toda a confianza do Partido pois está en relacións constantes con este grupo e envíanos asiduamente utilísimos "raports" sobre a política dos exiliados. Estimouse en consecuencia que tendo Plá a confianza do Partido pola súa ortodoxia nunca desmentida e pola súa capacidade, prestixio e actividades debía Castelao ir a Montauban a ver a Plá para recibir instrucións deste como Delegado extraordinario do Partido, para o que se lle deben conceder a este facultades extraordinarias.

Acta xuntaza do Partido Galeguista no interior (Primavera de 1947).

En Franza hai tres deputados galegos e non contamos con ningún deles, nin con Portela. Alí hai un tal Plá, galeguista, que somentes serve para armar llos -ese foi sempre o seu oficio- e estou seguro que llos armaría a César. Temos, de por parte, a Lister e os seus partidarios galegos (...). O ano que pasei en Franza fíxoseme interminábel a causa dos maquiavelismos comunistas, que contaba co apoio do pequeno grupo galego que alí existe. O Plá está entregado a Lister e non cesa de escribir ao interior contando mentiras, inxuriando e calumniando a todos cantos non lle fagan caso a el. Foi por isto que eu fun o único Ministro que non tiña secretario.

Carta de Castelao ao seu curmán Alfredo Somoza (Bos Aires, 20-9-1948) que testemuña as dificultades de comunicación entre os galeguistas do interior e os do exilio

Pero polo 50 xa estaba moi claro, tremendamente claro que ese cambio (a restauración da Democracia) non se ía producir. A partir de aí, as posibilidades de actuación clandestina carecían de horizonte real. Facíase preciso actuar doutro xeito. Tiñamos que empezar de novo, crear de novo conciencia galeguista (...) galeguizar os máis xoves (...) Para esta batalla cultural (...) necesitabamos un órgano legal. Así naceu Galaxia, que permitiu a organización legal dese esforzo.

Ramón Piñeiro. Entrevista. [En Víctor Freixanes, *Unha ducia de galegos*, 1976]